

SECRETARÍA DE GOBERNO LOCAL

CONCELLERÍA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO



**INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION Expte: 1495/1102**

Asunto.- Solicitud de acceso á información pública

Antecedentes

En data 16.06.2023 D. [REDACTED] solicita acceso a información sobre o número total e o importe das subvenciones concedidas aos clubs e asociacións deportivas.

En data 26.06.2023 e 27.10.2023 solicitouse informe ao Servizo Deportes como servizo xestor do contrato

En data 30.10.2023 emítase o informe solicitado.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**PRIMEIRO.- Do acceso á información.-**

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que "*Todas las personas tienen derecho a acceder a la información*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:03	Páxina 1 de 8
1495-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

*Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."*

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade"* (art. 1 da LTAIBG).

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."*

## **SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada.-**

O solicitante, D. [REDACTED] solicita acceso a información sobre o número total e o importe das subvencións concedidas aos clubs e asociacións deportivas.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:03	Páxina 2 de 8
1495-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Cabe sinalar que as entidades locais, como suxeito incluído no ámbito de aplicación da LTAIBG deben facer pública, como mínimo, a información relativa as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, conforme ao sinalado no seu artigo 8.1 a). Neste senso o Concello de Vigo a través do seu portal de transparencia “ <https://transparencia.vigo.org/id=96&tipo=sub&ita=0&lang=es>” dá cumprimento as súas obrigas en materia de publicidade activa en materia de subvencións.

Neste senso en data 31.08.2022 a Administradora Institucional Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) do Concello de Vigo en expte [1281/1102](#) emite informe no que fai constar “O Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas Pública (SNPSAP) é o sitio web a través do que se cumpre o mandato legal de dar publicidade e transparencia ás convocatorias de subvencións ou axudas públicas, concesións, infraccións e sancións derivadas da Lei Xeral de Subvencións. O sistema SNPSAP é accesible a través de [www.infosubvenciones.es](http://www.infosubvenciones.es).”

A Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) é o sistema informático que está detrás e que se emprega no SNPSAP para o cumprimento dos seus fins. Así unha parte da BDNS é de libre acceso público ([www.infosubvenciones.es](http://www.infosubvenciones.es)) mentres que o resto de elementos de información existentes na BDNS se manteñen de acceso reservado, só accesibles aos órganos xestores de subvencións, órganos remitentes e órganos de control nos termos previstos na normativa vixente.

**Segundo.-** No enlace <https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/planesestrategicos> pode accederse ao Plan Estratéxico de Subvencións aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo que tivo lugar o 11 de maio de 2021.

**Terceiro.-** O traspaso automático dos datos da Xestión de Expedientes Municipal á BDNS puxo se en marcha na noite do 7 de agosto de 2016, así pois no enlace <https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/concesiones> se poden consultar as concesións de subvencións outorgadas e publicadas polo Concello a partir de esta data.

**Cuarto.-** Neste punto é importante lembrar a normativa que recolle o artigo 7 do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas que regula as condicións da publicidade das subvencións e axudas públicas.

*Artículo 7. Publicidad de las subvenciones y ayudas públicas.*

*1. A efectos de dar cumplimiento a las obligaciones de publicidad y transparencia en los términos previstos en los artículos 18 y 20 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, la Base de Datos Nacional de Subvenciones operará como Sistema*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:03	Páxina 3 de 8
1495-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas y será el sitio web que, con carácter exhaustivo, publicará las ayudas de estado y ayudas de mínimis a nivel nacional en cumplimiento de lo previsto en la normativa europea.

La información estará disponible en las direcciones [www.subvenciones.gob.es](http://www.subvenciones.gob.es) y [www.infosubvenciones.es](http://www.infosubvenciones.es).

2. En la publicación se recogerá la información sobre subvenciones y ayudas públicas según lo establecido en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, en la normativa emanada de la Unión Europea sobre transparencia de ayudas públicas y en cuantas otras normas resulten de aplicación.

3. También se publicará información de las sanciones firmes impuestas por infracciones muy graves en los términos recogidos en el artículo 20.9 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, cuando así sea acordado por la autoridad competente, que deberá resolver igualmente acerca del tiempo durante el cual la sanción deberá permanecer publicada en la BDNS.

4. El acceso a la información se proporcionará de acuerdo con los principios establecidos en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, en la Ley 37/2007, de 16 de noviembre, sobre reutilización de la información del sector público y en su normativa de desarrollo, así como demás normativa sobre acceso a la información pública que resulte de aplicación.

5. De conformidad con lo dispuesto en el artículo 20.8 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, se publicarán, en los términos que en dicho artículo se expresan, las subvenciones concedidas. Cuando hayan de publicarse datos personales de los beneficiarios personas físicas, habrán de cumplirse en todo caso, los principios y la normativa de protección de datos, incluyendo la forma en que habrán de publicarse dichos datos personales identificadores del beneficiario. Los datos personales publicados serán exclusivamente los necesarios para el fin del tratamiento.

No obstante, no se publicarán las subvenciones o ayudas públicas concedidas a personas físicas cuando:

a) La información contenida en la BDNS o el propio objeto de la convocatoria proporcione información o datos especialmente protegidos de los beneficiarios o relativos a las categorías especiales de datos relacionados en los artículos 9 y 10 del Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos).

b) La persona física se encuentre en una situación de protección especial que pueda verse agravada con la cesión o publicación de sus datos personales, en particular, cuando sea víctima de violencia de género o de otras formas de violencia contra la mujer.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:03	Páxina 4 de 8
1495-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*En el primer caso, el órgano convocante lo señalará expresamente en la convocatoria si así se ha previsto en las bases reguladoras.*

*En el segundo caso, el órgano convocante procederá a anonimizar la información que consta en la BDNS, de oficio o a instancia del interesado. Cuando la persona física sea víctima de violencia de género, se aplicará lo previsto en el protocolo de colaboración que se elabore de conformidad con la Disposición adicional séptima de la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y Garantía de los Derechos Digitales.*

*6. Cuando la publicación de las subvenciones concedidas suponga un perjuicio de los previstos en el apartado 1 del artículo 14 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, y resulte procedente limitar la publicidad de las subvenciones concedidas según lo establecido en su apartado 2, el órgano convocante lo deberá recoger en la convocatoria.*

*7. De conformidad con lo dispuesto en el artículo 8.e) de la Ley 37/2007, de 16 de noviembre, la información publicada a través del Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas que contenga datos personales sólo se podrá reutilizar con la finalidad de controlar el funcionamiento de la actividad pública como instrumento para la mejora de su gestión o con fines de archivo en interés público, fines de investigación científica o histórica o para fines estadísticos. Los reutilizadores deberán proceder previamente a la anonimización de los datos personales.*

*8. La información sobre concesiones permanecerá publicada durante los cuatro años naturales siguientes al año en que se concedió la subvención, siendo retirada automáticamente por la propia BDNS transcurrido dicho plazo. En el caso de concesiones a favor de personas físicas, la publicidad se reduce al año de concesión y al año siguiente. No obstante, estos plazos se sustituirán por los establecidos en la normativa europea, en caso de que ésta señale plazos superiores.*

9.....

10. ....”

(...)

### **Conclusión:**

No

enlace

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/planesestrategicos>

*pode accederse ao Plan Estratéxico de Subvencións aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo que tivo lugar o 11 de maio de 2021.*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:03	Páxina 5 de 8
1495-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O traspaso automático dos datos da Xestión de Expedientes Municipal á Bases de Datos Nacional s puxouse en marcha na noite do 7 de agosto de 2016, así pois no enlace

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/concesiones> se poden consultar as concesiones de subvencións outorgadas e publicadas polo Concello a partir de esta data."

Así mesmo o servizo de Deportes en data remite información sobre subvencións a clubes e entidades deportivas do ano 2023

	CONCEPTO-CONVOCATORIAS SUBVENCIONES	EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	IMPORTE	Nº BENEFICIARIOS
1	CONVOCATORIA XERAL DE SUBVENCIONES	22469-333	CONVOCATORIA	950.000,00 €	189
2	TRANSFERENCIA DE FINANCIACIÓN VIDE	22498-333	FUNDACIÓN VIDE	125.000,00 €	1
3	CONVOCATORIA SUBVENCIÓN MELLORA CAMPOS DE FÚTBOL PRIVADOS	22585-333	CONVOCATORIA	50.000,00 €	0
4	CONVOCATORIA GASTOS EXTRAORDINARIOS OBRA TRAVESAS	22514-333	CONVOCATORIA	16.000,00 €	1
	CONCEPTO – SUBVENCIÓN ELITE	EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	IMPORTE	
1	SUBVENCIÓN U.B. LAVADORES BALONMÁN	22449-333	UB LAVADORES BALONMÁN	30.000,00 €	1
2	SUBVENCIÓN TENIS DE MESA ILLAS CÍES	22451-333	TENIS DE MESA ILLAS CÍES	10.000,00 €	1
3	SUBVENCIÓN SD CARBALLAL	22447-333	SD CARBALLAL	35.000,00 €	1
4	SUBVENCIÓN C. CICLISTA RÍAS BAIXAS	22450-333	CC. RÍAS BAIXAS	14.000,00 €	1
5	SUBVENCIÓN CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA	22446-333	C.A.F.	20.000,00 €	1
6	SUBVENCIÓN REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO	22445-333	RC CELTA ATLET.	20.000,00 €	1
7	SUBVENCIÓN C.D. BOSCO	22444-333	CD BOSCO	90.000,00 €	1
8	SUBVENCIÓN CD AMFIV	22443-333	CD AMFIV	60.000,00 €	1
9	SUBVENCIÓN CLUB VIGO VOLEIBOL	22442-333	C. VIGO VOLEIBOL	55.000,00 €	1
10	SUBVENCIÓN TRASNOS BEISBOL CLUB	22441-333	TRASNOS BC	18.000,00 €	1
11	SUBVENCIÓN MOSTEIRO BEMBRIVE F.S.	22440-333	BEMBRIVE FS	30.000,00 €	1
12	SUBVENCIÓN CORUXO F.C.	22439-333	CORUXO FC	140.000,00 €	1
13	SUBVENCIÓN SÁRDOMA C.F.	22438-333	SÁRDOMA CF	33.000,00 €	1
	CONCEPTO – SUBVENCIÓN EVENTOS DEPORTIVOS	EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	IMPORTE	
1	SUBVENCIÓN VIGOARENA	22458-333	ORGANIZIA EVENTOGLOBAL	10.000,00 €	1
2	SUBVENCIÓN RALLYE RÍAS BAIXAS	22459-333	ESCUDERÍA R. BAIXAS	30.000,00 €	1
3	SUBVENCIÓN TROF. INTNAL. REMO E PIRAGÜISMO	22460-333	CLUB MARITIMO DE VIGO	10.000,00 €	1
4	SUBVENCIÓN TORNEO NADAL DE FÚTBOL	22461-333	AFAVI	10.000,00 €	1
5	SUBVENCIÓN SEMANA ATLÁNTICA DE VELA	22462-333	R.C.N.V.	10.000,00 €	1

	CONCEPTO-CONVOCATORIAS SUBVENCIONES	EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	IMPORTE	Nº BENEFICIARIOS
6	SUBVENCIÓN FESTA INFANTIL DO JUDO	22463-333	F.G. JUDO	12.500,00 €	1
7	SUBVENCIÓN COPA VIGO DE FÚTBOL	22464-333	F.G. FÚTBOL	5.000,00 €	1
8	SUBVENCIÓN TORNEO INTNAL. TENIS CLUB DE CAMPO	22465-333	CLUB DE CAMPO	8.000,00 €	1
9	SUBVENCIÓN COPA ESPAÑA DE CICLISMO	22551-333	CC. RÍAS BAIXAS	20.000,00 €	1
10	SUBVENCIÓN FASE ASCENSO BOSCO	22827-333	CLUB DEPORTIVO BOSCO	45.750,00 €	1
11	SUBVENCIÓN FASE ASCENSO VIGO VOLEIBOL	22833-333	CLUB VIGO VOLEIBOL	10.000,00 €	1
10	SUBVENCIÓN SAN SILVESTRE	22995-333	FED. GALEGA ATLETISMO	25.895,00 €	1

E por isto que procede facilitar ao solicitante a información solicitada en tanto que a mesma constitúe información pública nos termos do artigo 13 da LTAIBG achegando o informe do servizo de deportes e facilitando acceso ao <https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/concesiones>

### TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.-** Estimar a solicitude formulada por D. [REDACTED] e facilitar a información solicitada mediante o enlace <https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/concesiones> e achegando o informe do servizo de deportes e facilitando acceso ao

**SEGUNDO.-** Notificar á persoa interesada e comunicar que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:03	Páxina 7 de 8
1495-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

**DECRETO:** Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023, 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:03	Páxina 8 de 8
1495-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		